



IES Xesús Ferro Couselo. Departamento Bioloxía e Xeoloxía. Curso 2023/2024

3ºESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Distribución e temporalización dos contidos (Esta distribución poderá variar ao longo do curso):

1ª Avaliación:

Unidade didáctica	Contidos	Libro de texto
1	Os riscos xeolóxicos internos. Rochas e minerais.	Tema 9
2	A organización do corpo humano	Tema 1

2ª Avaliación:

Unidade didáctica	Contidos	Libro de texto
3	Alimentos e nutrientes.	Tema 3
4	A función de nutrición	Tema 4 e 5.
7	Saúde e hábitos saudables.	Tema 2

3ª Avaliación:

Unidade didáctica	Contidos	Libro de texto
5	A función de relación.	Tema 6 e 7.
6	A función de reprodución	Tema 8
7	Saúde e hábitos saudables.	Tema 2

Materiais e recursos didácticos:

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula equipada cun encerado tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.

O espazo empregado para as clases prácticas será a propia aula (cando se podan trasladar os materiais) , xa que o laboratorio de ciencias, dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar, non está capacitado para levar a 25 alumnos.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán o libro de texto recomendado polo Departamento de Bioloxía e Xeoloxía do centro e o caderno, recurso indispensable que será solicitado periodicamente para a súa avaliación.

No portfolio o alumnado gardará e clasificará trimestralmente non só todos aqueles documentos impresos que lle sexan entregados ao longo do curso, senón tamén os xerados por eles mesmos. Entre os recursos impresos mencionados destacan as fichas de comprensión lectora, os guións de prácticas na aula , as fichas de actividades de consolidación e as actividades de reforzo e de ampliación específicas para cada alumno



Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación:

Ao final de cada unidade didáctica realizarase unha proba escrita cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación. En cada unha das tres avaliacións, realizarase unha media aritmética das notas das probas escritas. Haberá 2 probas escritas en cada avaliación. A nota dos exames suporá un máximo de 8 puntos na nota de cada avaliación. Todas as probas incluírán os criterios de corrección que se empregarán.

Esta media, representará o **80% da nota da avaliación**.

O outro **20% da nota**, vén definido polos criterios de avaliación que se recollen nas táboas de indicadores. Estes criterios de avaliación, estarán asociados a distintas rúbricas e listas de cotexo que se analizarán en distintos procedementos de avaliación ao longo de todas as unidades:

- Traballos cooperativos / Traballos individuais / Caderno de aula / Proxecto científico
- Fichas de actividades de consolidación, fichas de actividades de reforzón, fichas de actividades de ampliación.

A cualificación de cada avaliación será calculada:

A cualificación final da materia virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 da programación.

Avaliación final ordinaria:

$$(35 \times \text{Nota } 1^{\text{a}} \text{ aval} + 30 \times \text{Nota } 2^{\text{a}} \text{ aval} + 35 \times \text{Nota } 3^{\text{a}} \text{ aval}) / 100$$

No cálculo das cualificacións das distintas avaliacións, cando o resultado non sexa un número enteiro, redondearase ao enteiro superior, se a parte decimal é igual ou superior a 0,5 ou ao enteiro inferior se a parte decimal é menor de 0,5.

Polo tanto, considerarase a materia aprobada se a media ponderada das tres avaliacións se corresponde cun número igual ou superior a 5 puntos sobre 10. En caso contrario, a materia estará suspensa.

No caso de que exista algunha modificación na docencia das unidades que estaban programadas para algunha avaliación, modificarase a maneira de calcular a cualificación da avaliación correspondente. Se ao rematar o curso non se impartira algunha unidade ou algunhas unidades, entón repartiríase equitativamente o peso destas entre as unidades impartidas, e polo tanto, modificaríase a expresión matemática para o cálculo da cualificación final da materia segundo proceda.



Criterios de recuperación:

Se a cualificación dunha avaliación é inferior a 5 puntos sobre 10, ao remate da avaliación realizarase a entrega de exercicios de repaso así como unha proba escrita de recuperación baseada nos mínimos de consecución das unidades asociadas a esa avaliación. Se a cualificación final da proba escrita é igual ou superior a 5 puntos sobre 10, considerarase a avaliación correspondente aprobada. Tal como recolle a ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022, o calendario de final de curso corresponderase co seguinte:

Cando un alumno/a teña 1, 2 ou 3 avaliacións con cualificación inferior a 5 puntos, poderá realizar unha proba escrita de recuperación antes do día 20 de xuño, baseada nos mínimos de consecución das unidades asociadas a esas avaliación. Se a cualificación final da proba escrita é igual ou superior a 5 puntos sobre 10, consideraranse as avaliacións correspondentes aprobadas, e polo tanto, a materia aprobada. En caso contrario, ante unha cualificación inferior a 5 puntos sobre 10, considerarase a materia suspensa.

A **nota final de xuño** calcularase facendo media ponderada coas notas obtidas en cada avaliación, ou se é o caso, coa nota obtida despois de realizadas as recuperacións e/ou probas finais. Considerarase aprobada a materia se a nota media das 3 avaliacións é maior ou igual que 5 puntos sobre 10.